

## 4 de outubro - Día dos Animais

O Día do Animal celébrase para conmemorar a relación existente entre os seres humanos e o mundo animal e o modo no que os animais axudan aos seres humanos en todo o mundo.

É recoñecido como un día de celebración especial para a xente de todo o mundo que se preocupa polos animais. Esta celebración non está restrinxida unicamente a unha nacionalidade, ou ás crenzas políticas das persoas, ás de distintas relixións nin ás de diferentes ideoloxías.

O Día Mundial dos Animais non está vencellado a ningunha persoa, organización ou campaña, senón que pertence a todos.

